

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPONDA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO RODICIO II
Promotor	GREENALIA WIND POWER, SLU
Localización	CONCELLOS DE MACEDA E MONTEDERRAMO
Expediente	IN408A 2020/42

SOLICITANTE : Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 11/03/2022 e número de rexistro de entrada 2022/522555, traslado da resposta do promotor ó informe desta dirección xeral de data 22/12/2021 .

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral a información adicional recibida para avaliar o risco da saúde segue sendo insuficiente no referente os seguintes aspectos:

- Debese de presentar un estudo preoperacional dos niveis de ruído que sirva como nivel de referencia, o cal debese empregar tanto para a modelización do nivel de inmisión xerado polo parque eólico e despois para levar a cabo o plan de seguimento.

- Con respecto os limiares para seguimento e control do efecto parpadeo durante a fase de explotación son 12 horas/ano, xa que o limiar de 30 horas/ano refírese soamente para o caso teórico (peor escenario).
- Os datos referentes o tipo de chan para o mantemento da maquinaria e vehículos debería aparecer en tódolos apartados do documento da mesma maneira descrito, así como a enumeración das medidas que se tomaran en caso de vertidos.
- O apartado 1.1.3. Intervencións na obra doutros axentes, non se atopaba entre a documentación recibida, polo tanto non se puido ter en conta na elaboración do informe.
- Continúan as discrepancias entre a información aportada na memoria e a aportada no anexo do Plan de vixilancia ambiental e tamén no propio plan de vixilancia.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

